

# DECRETO

**Expediente núm.:** 6909/2022

**Resolución con número e data establecidos á marxe**

**Procedemento:** Servizos Sociais (Alta ou Seguimento)

**Data de iniciación:** 07/11/2022

## FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Vista a proposta da concelleira de Benestar Social de data 07/11/2022 relativo ó establecemento de servizos mínimos da folga de SAF 2022.

Visto que con data 24/11/2022 recibíuse comunicación da consellería de política social e xunventude pola que se informa que a federación CIG efectúa comunicación de declaración de folga no ámbito do convenio colectivo de axuda a domicilio de Galicia.

Vista a competencia da Alcaldía segundo se establece no artigo 21.1 s) da Ley 7/1985 Reguladora das Bases de réxime Local.

## RESOLUCIÓN

**Primeiro.-** Establecer os seguintes servizos mínimos para o Servizo de Axuda no fogar Municipal do Concello de A Estrada, durante a duración da folga á que se refire o presente:

Execución de todos aqueles servizos prestados a persoas que, conforme ao seu plan de traballo, teñan incorporada a prestación de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, coas correspondentes tarefas necesarias para a súa correcta execución, sexan de modalidade básica ou de dependencia, tales como: a prestación de servizos de comida, servizos de hixiene persoal, servizos de hixiene persoal diaria, uso do WC, no seu caso, eliminación vesical e intestinal, axuda para erguerse e deitarse, vestirse e supervisión de toma de medicamentos e alimentación, cambios posturais necesarios para as persoas encamadas, labores de acompañamento de persoas usuarias para acudir a centros sanitarios cuxa cita fora concertada previamente e non poida ser postergada, así como si se producirá unha alerta no domicilio, contacto cos servizos de emerxencias, saúde e outro.

O tempo de desenvolvemento da atención axustarase a aquel preciso para a execución das atención das actividades básicas descritas. Respectándose, de ser o caso, a prestación de servizo en diferentes franxas horarias.

**Segundo.-** Informar destes servizos mínimos á representación sindical organizadora da folga e á entidade xestora do servizo.





**Terceiro.-** Facer público a presente resolución mediante a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello e na Web municipal e dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

ASÍ O MANDA E ASINA O SR. ALCALDE DO QUE DA FE A SECRETARIA

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**



Cod. Validación: ZLTRPLNMMWYPQAQA6APDJDY6 | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2